

ECOESPAZO O REXO

Situado na parroquia de Requeixo de Valverde, o Ecoespazo do Rexo é a obra resultante dunha intervención pictórica e escultórica do artista Agustín Ibarrola sobre un espazo natural reutilizado.



Baséase na harmonización de elementos naturais contidos na propia paisaxe: árbores, pedras, terra, auga... coa achega de materiais reutilizados e presentes na cultura galega: granito e lousa, para integralos nela, transformándoa así nun espazo único construído empregando, de modo integral, as enerxías renovables.

A colocación das pedras pintadas, paralelas a unha canle de auga onde unha minicentral eléctrica rehabilitada produce enerxía, mostra o percorrido do sol e da lúa no ceo e o seu aliñamento.

As pinturas nos troncos e nas pólas dalgunhas árbores nas dúas marxes do río sitúanse en lugares estratéxicos e moi concretos. Esta obra está relacionada coa cultura dos signos e co sinal do sentido das cousas. O autor, Ibarrola, enriquece e multiplica a cor e as xeometrías das pinturas segundo o ángulo dende o que se mire, xogando coa perspectiva.

O Ecoespazo do Rexo é hoxe unha icona cultural e de ocio cunha mensaxe clara: o desenvolvemento do individuo e o goce do medio natural son compatibles. Así o demostra o feito de que se integren no mesmo contorno unha intervención artística, unha minihidraúlica, unha explotación piloto de ovino de leite (que produce queixo curado de ovella) e unha queixaría que pode ser visitada.

Ademais da paraxe singular, este espazo acolle a granxa-escola e o Centro de Educación Ambiental, lugares onde os máis novos poden aprender as faenas gandeiras, co obxectivo de favorecer a creación de explotacións no medio rural e así evitar o seu despoboamento, ademais de contribuír á limpeza do monte.

A LENDA DE SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

Contan os máis lanuxes que era Mariña unha fermosa rapaza, filla dun gobernador romano de A Limia, de esclarecido linaxe, e tal vez sacerdote pagán. Non tiña más que esta filla e esta quedou orfa de nai, a cal debeu morrer ó dar a luz ou pouco despois do nacemento de Mariña.

Segundo a lenda o pai entregou á nena ós coidados dunha criada campesiña cristiá que educou a Mariña nesta fe. Cando o pai se deu de conta das crenzas da súa filla, repudiouna e abandonouna ó seu destino na aldea da súa coidadora.

Mariñaadicábase a saír coas ovellas ó campo, e namentres pastaban, ela sentada tecía baixo un carballo.

Un día o prefecto romano Olibrio, dende o momento que a viu, tan moza e fermosa, namorouse dela e intentou seducila, áinda que sen éxito. Non acostumado a ser rexeitado, indignado e coñecedor da fe cristiá de Mariña, tentou de persuadila para que renegase das súas crenzas.

Olibrio decidiu, entón, levar a moza con el ata o castro de Armea co fin de pechala ata que se prestase a atender as necesidades do prefecto e renunciase a súa fe. Ó ver que non conseguía os seus propósitos, intensificou os tormentos que infrinxía a Santa Mariña ata que a moza quedou exhausta. Olibrio chegou ó extremo de intentar queimala na cripta e afogala, intentos que milagrosamente foron infrutuosos, din que por obra do propio San Pedro. Ante esta situación, o romano decidiu decapitala, no lugar onde a día de hoxe está o templo. Cando o verdugo cortou a súa cabeza esta caeu dando tres saltos no chan mentres pronunciaba tres veces a mesma palabra; CREO. Nese mesmo instante xurdiron tres fontes na zona do Santuario que hoxe manan no lugar.

SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

Santa Mariña de Augas Santas está situada a 6 quilómetros de Allariz, entre os montes de Armariz e o dos Canteiros, entre os vales do Río Arnoia e o Río do Barbaña.

No ano 1931 foi declarado Monumento Histórico Artístico o contorno da Igrexa de Santa Mariña e no ano 1963 a comarca Conxunto Histórico Artístico.

Sta. Mariña de Augas Santas constitúe un atractivo conxunto histórico, artístico e paisaxístico no que se mesturan historia, tradición e lenda.



A Igrexa de Sta. Mariña



Fontes do Martirio da Santa

A tradición nace vinculada á existencia e martirio de Mariña, que se resiste aos desexos dun prefecto na Cidade de Armea, chamado Olibrio, que utilizou todo tipo de estratexias para vencer a súa resistencia, incluída a cadea, o xuizo e o castigo. Pero nada deu resultado ante a férrea vontade da moza, nin o látego, nin o diaño en forma de dragón... Condenada a morrer abrasada nun forno próximo, saírá viva grazas a San Pedro que a deixou á beira dun estanque. Finalmente, o prefecto ordenou que lle cortasen a cabeza, que foi tallada dun golpe, pero botou tres veces, manando unha fonte de cada bote. No lugar no que foi enterrada xurdiu un templo, no que ninguén máis foi soterrado.

A presenza de restos castrexos e romanos na zona, foi aproveitada pola tradición para vincularlos ao martirio da Santa, engadíndolle posteriormente outros elementos como a Santa de Pedra (do século XVIII) ou o Carballo da Santa (xa desaparecido) e impregnando todo o conxunto dun sentido cristián.

Monumentos, fontes, árbores e lugares constitúen así o pano de fondo dunha lenda que segue viva, enraizada en tres elementos fundamentais: paisaxe, pedra e, por suposto, auga.

O pobo de Santa Mariña de Augas Santas conta cun Núcleo Histórico Semellante - salvando as dimensións- ó Casco Histórico de Allariz. Despois de meses de traballo, en maio de 2007 o casco presenta unha imaxe renovada.



Carballo da Santa (desparecido)



Rehabilitación de Sta. Mariña

O acordo entre o Concello de Allariz e a Consellería de Vivenda e Solo facilitou este cambio con obras de soterramento de cableado, canalizacións e telefonía, e empedrado de rúas.

O núcleo de Santa Mariña é moito máis; é desenvolvemento económico. A artesanía voltou ás rúas. Os cesteiros dantano rexorden hoxe na figura de Toño, que lembra, mais tamén ensina, este oficio aos máis cativos.

Información extraída da páxina web do Concello de Allariz